

Referencia da Praza: LA2408-X11-375-PI-NA-01

Tipo de Praza: Profesor/a substituto/a

Área de Coñecemento: 375 - Filosofía

Departamento: X11 - Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía

Sede actuación da comisión: Facultade de Educación e Traballo social, Campus Ourense

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En Ourense o día 9 de xuño de 2025 constitúese a comisión arriba indicada coa asistencia de:

Presidente/a: Abraham Rubín Álvarez

Secretario/a: Brais González Arribas

Vogal: María Cristina Caruncho Michinel

Como membro con voz e sen voto, designado/a pola representación das e dos traballadores: non se solicita

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Reunida a comisión correspondente, constituída polas persoas que se relacionan na Acta de Constitución acordouse por UNANIMIDADE establecer os seguintes criterios de valoración, que complementarán o baremo (Anexo I) á hora de valorar e puntuar os méritos (en número máximo de 10) que presenten as persoas candidatas segundo o recollido no Anexo V:

Titulación(s) básica(s): Grao ou licenciatura en Filosofía

Titulación(s) afín(s): ningunha

Área(s) Afín(s): Filosofía moral, Filosofía do Dereito e Lóxica e Filosofía da Ciencia.

1. TITULACIÓN / FORMACION ACADÉMICA

A puntuación dos subapartados correspondentes:

- ✓ No caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso, valorarase no seu valor máximo: 100%.
- ✓ No caso de titulacións e áreas afíns, valorarase ao 50%.
- ✓ No caso de titulacións/áreas non afíns, valorarase coa seguinte porcentaxe: 0%.

a) Expediente académico na Diplomatura/Licenciatura/Grao/Enxeñaría ou equivalente: nota media do expediente. A suma dos puntos (entre paréntese) acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas. Entenderase incluída aquí a titulación universitaria requirida para optar á praza.
Matrícula de Honra (4), Sobresaliente (3), Notable (2), Aprobado (1)

b) Premio Extraordinario de Licenciatura/Grao/Enxeñaría ou equivalente: 0,5 puntos

c) Expediente académico no Mestrado: nota media do expediente. A suma dos puntos (entre paréntese) acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas
Matrícula de Honra (4), Sobresaliente (3), Notable (2), Aprobado (1)

d) Premio Extraordinario de Mestrado: 0,5 puntos

- e) Tese de Doutoramento
Sobresaliente "cum laude" (ou Apto "cum laude") (4), Sobresaliente (3), Notable (ou Apto) (2), Aprobado. (1)
- f) Premio Extraordinario de Doutoramento: 0,5 puntos
- g) Outros cursos de especialización: máx. 1 punto
A persoa candidata elixirá o curso de maior relevancia que poderá ser avaliado cun máximo de 1 punto
- h) Outros méritos académicos: máx. 1 punto
A persoa candidata elixirá o mérito de maior relevancia que poderá ser avaliado cun máximo de 1 punto

2. EXPERIENCIA DOCENTE

A puntuación dos subapartados correspondentes:

- ✓ No caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso, valorarase no seu valor máximo: 100%.
- ✓ No caso de titulacións e áreas afíns, valorarase ao 50%.
- ✓ No caso de titulacións/áreas non afíns, valorarase coa seguinte porcentaxe: 0 %.

Nos casos de docencia inferiores a un ano procederase ao rateo da puntuación.

- a) Docencia universitaria:
 - I. 1 punto por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo.
 - II. 0,5 punto por cada ano en réxime de dedicación a tempo parcial.
- b) Docencia non universitaria:
 - I. 0,250 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo (no caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional non se valorará neste apartado).
 - II. 0,125 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo parcial (no caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional non se valorará neste apartado).
- c) Acreditación de formación pedagóxica regulamentada: ata 1 punto.

- d) Cursos de formación docente recibidos: 0,2 puntos por cada 100 h de docencia recibida, ata o máximo de 1 punto

A persoa candidata elixirá o curso de maior relevancia que será avaliado con 0,2 puntos por cada 100 h de docencia recibida, ata o máximo de 1 punto

- e) Cursos de formación docente impartidos: 0,2 puntos por cada 20 h de docencia impartida, ata o máximo de 1 punto

A persoa candidata elixirá o curso de maior relevancia que será avaliado con 0,2 puntos por cada 20 h de docencia impartida, ata o máximo de 1 punto

- f) Participación en proxectos de innovación docente: 0,2 puntos ata o máximo de 1 pto

A persoa candidata elixirá o proxecto de maior relevancia que será avaliado con 0,2 puntos ata o máximo de 1 punto

3. EXPERIENCIA LABORAL E INVESTIGADORA

Valorarase a experiencia laboral ou investigadora que se axuste ao perfil definido na convocatoria da praza.

- ✓ Calquera outra experiencia laboral ou investigadora relacionada coa área, valorarase coa seguinte porcentaxe: 100%.
- ✓ Calquera outra experiencia laboral ou investigadora non relacionada coa área, valorarase coa seguinte porcentaxe: no caso de áreas afíns, 50%, no caso de áreas non afíns, 0 %.

Nos casos de contratos a tempo parcial ou por períodos inferiores a un ano procederase ó rateo da puntuación.

- a) Actividade laboral que require título universitario: ata 0,5 puntos por ano.
(entenderanse aquí tamén incluídos os contratos de investigación, bolsas FPI/FPU ou equivalentes). A persoa candidata terá que demostrar de xeito fehaciente a relación da actividade laboral desempeñada coas materias da área da lista de agarda á que se presenta.
- b) Actividade laboral que non require título universitario: ata 0,05 puntos por ano. A persoa candidata terá que demostrar de xeito fehaciente a relación da actividade laboral desempeñada coas materias da área da lista de agarda á que se presenta.

- c) **Publicacións investigadoras:** a persoa candidata elixirá a publicación de maior relevancia que poderá ser valorada con un máximo de ata 1 punto.

Os criterios son os seguintes:

1. **LIBRO** recollido no listado SPI do CSIC: 1 pto
2. **LIBRO** (con ISBN) en editoriais non recoñecidas no listado SPI do CSIC: 0,5 ptos.
3. **CAPÍTULO DE LIBRO** ou edición/coordinación de **LIBRO** recollidos no listado SPI do CSIC: 0,5 ptos.
4. **CAPÍTULO DE LIBRO** ou edición/coordinación de **LIBROS** non recollidos no listado SPI do CSIC: 0,25 ptos.
5. **ARTIGO** en revistas A (de acordo á Clasificación Integrada de Revistas Científicas 2023 - CIRC-, categoría ciencias humanas): 1 pto. Nota ou recensión: 0,25 ptos.
6. **ARTIGO** en revistas B (CIRC, categoría ciencias humanas): 0,75 ptos. Notas ou recensións: 0,125 ptos.
7. **ARTIGO** en revistas C (CIRC, categoría ciencias humanas): 0,5 ptos.
8. **ARTIGO** en revistas D (CIRC, categoría ciencias humanas): 0,25 ptos.

A puntuación do mérito alegado, de ser de autoría compartida, dividirase polo número de asinantes. Aceptaranse artigos no prelo sempre que se acredite a súa aceptación cunha carta do responsable do/a responsable da editorial.

- d) **Proxectos de investigación:** a persoa candidata elixirá o proxecto de maior relevancia que poderá ser valorado con un máximo de ata 1 punto.

Os criterios son os seguintes: A puntuación no mérito alegado computará ao 100% sendo o/a investigador/a principal ou responsable do proxecto, o 25% sendo investigador/a dunha universidade/centro oficial de investigación.

1. Proxecto en convocatorias internacionais: 1 pto.
2. Proxecto DGIYT/CICYT: 0,5 ptos.
3. Proxecto en convocatorias estatais ou autonómicas: 0,5 ptos.
4. Proxecto I+D e contratos con empresas ou outras institucións, informes técnicos ou outros proxectos financiados: 0,25 ptos.

- e) Outros méritos (bolsas de colaboración, estadías de investigación, actividades de investigación ou transferencia, cursos de investigación recibidos, etc.): ata 1 punto.

A persoa candidata elixirá o mérito de maior relevancia que poderá ser valorado cun máximo de ata 1 punto, en base ás seguintes consideracións:

1) Relatorios e comunicacións en congresos, simposios, xornadas, elaboración de catálogos, etc.

1a. Congreso ou Simposio de ámbito Internacional: conferencia convidada: 0,25; relatorio: 0,125; póster: 0,0625.

1b. Congreso ou Simposio de ámbito nacional: conferencia convidada: 0,125; relatorio: 0,0625; póster: 0,0312.

2) Estadías acreditadas noutros centros de investigación (Períodos inferiores a quince días non serán contabilizados).

2a. Estadías de investigación posdoutoral.

2aa) En Universidades ou centros oficiais estranxeiros (0,05 por mes).

2ab) En Universidades ou centros oficiais fóra de Galicia (0,025 por mes).

2b. Estadías de investigación predoutoral.

2ba) En Universidades ou centros oficiais estranxeiros (0,025 por mes).

2bb) En Universidades ou centros oficiais fóra de Galicia (0,0125 por mes).

3) Premio de investigación 0,125 pts.

4) Organización de congresos/xornadas/seminarios de investigación:
Ámbito internacional: 0,125 pts. Ámbito nacional: 0,0625 pts

5) Por actividades formativas superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos ou didácticos, ou relacionadas coas tecnoloxías aplicadas á educación, homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como organizadas polas Universidades: 0,1 puntos por cada 10 horas de formación de actividades de formación acreditadas.

6) Pola impartición de actividades de formación e perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos, ou relacionadas coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou os órganos correspondentes doutras comunidades autónomas ou o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, por institucións sen ánimo de lucro sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades: 0,2 puntos por cada 5 horas de formación impartidas.

OBSERVACIÓNS ADICIONAIS

Non hai.

Ourense , 9 de xuño de 2025

Presidente /a
Asdo:

Secretario / a
Asdo:

Vogal
Asdo:

De ser o caso,
Rep. Trab. *(con voz e sen voto)*
Asdo: